

PROTOCOLO
DE ACCESO
Á REDE GALEGA
DE ACOLLEMENTO



XUNTA
DE GALICIA

Sumario

Obxecto.....	3
Obxectivos e principios de actuación.....	3
Persoas usuarias da Rede galega de acollemento.....	4
Entidades derivantes á Rede galega de acollemento.....	5
Información sobre o centro de acollida.....	6
Solicitud de acceso.....	6
Solicitud	6
Documentación complementaria	7
Prazo de tramitación.....	7
Resolución.....	7
Desistencia da solicitud	8
Revogación do acollemento.....	8
Seguimento do protocolo	9

Obxecto

O presente protocolo ten por obxecto **establecer o procedemento de acceso á Rede galega de acollemento**, prevista no artigo 48 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Obxectivos e principios de actuación

Os **obxectivos** do presente protocolo son:

- 01 ➤ **Coordinar o acceso** das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos/das menores ao seu cargo aos centros de acollida que forman parte da Rede galega de acollemento.
- 02 ➤ Establecer a **documentación necesaria** para **tramitar o ingreso** nun centro de acollida.
- 03 ➤ Desenvolver un **modelo de comunicación directa** entre os organismos competentes nesta materia.

Na aplicación deste protocolo atenderase aos seguintes **principios de actuación**:

- 01 ➤ **Atención integral**, personalizada, áxil e inmediata ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos/ás menores ao seu cargo.
- 02 ➤ **Confidencialidade**, protección e seguridade.
- 03 ➤ **Autonomía de vontade e de consentimento**, así como respecto á intimidade e dignidade das vítimas.
- 04 ➤ **Calidade na atención** e profesionalidade dos equipos especializados.
- 05 ➤ **Coordinación das actuacións** das distintas Administracións, entidades e axentes que interveñen ante unha situación de violencia de xénero.

Persoas usuarias da Rede galega de acollemento

Poden ser usuarias da Rede galega de acollemento **todas as mulleres que sofren violencia de xénero** e as e os **menores ao seu cargo**, incluídas as vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual, que requiran dun espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.

Para o **acceso á Rede galega de acollemento** deberá acreditarse a situación de violencia de xénero nos termos establecidos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. É dicir, a través dalgún dos seguintes **documentos**:

- ✓ Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- ✓ Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007.
- ✓ Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- ✓ Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- ✓ Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero.
- ✓ Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- ✓ Calquera outra que se estableza regulamentariamente.
- ✓ No caso de vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, deberá presentarse a acreditación administrativa correspondente.

Entidades derivantes á Rede galega de acollemento

Poderán efectuar **derivacións** á Rede galega de acollemento as seguintes **entidades**:



Centros de Información á Muller



Centros de crise 24 horas



Servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados de Galicia



Centros adscritos ao Servizo Galego de Saúde (hospitais, centros de saúde, etc.)



Xulgados radicados en Galicia



Oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito (OAVD)



Forzas e Corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia



Policía Autonómica e Policía Local de Galicia



Organismos con competencia en atención e acollida a mulleres en situación de violencia de xénero doutras Comunidades Autónomas, Cidades Autónomas ou organismos con competencia en materia de igualdade doutros países.



Entidades ou asociacións que teñan subscritos convenios de colaboración en materia de tratamento da violencia de xénero coa Xunta de Galicia ou que acrediten unha colaboración estable no ámbito da igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero.



Entidades que conforman a Rede galega contra a trata no caso de vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Información sobre o centro de acollida



O centro coordinador da Rede galega de acollemento facilitaralle á entidade derivante toda a **información necesaria sobre os centros de acollida** e as súas características, para os efectos de facilitar a elección da solicitante.

Será obriga da entidade derivante informar a solicitante das **características do centro de acollida** e, en concreto, do seu regulamento de funcionamento interno e dos seus dereitos e obrigas como usuaria.

Solicitud de acceso



SOLICITUDE

- 📞 En primeiro lugar, contactarase telefonicamente co centro coordinador da Rede galega de acollemento, a través do teléfono **673 282 392**.
- 📄 A continuación, a solicitude efectuarase por vía electrónica, a través do **formulario** normalizado (Anexo I) que se xunta a este protocolo, e que tamén estará dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia, <https://igualdade.xunta.gal>
- ✉️ O Anexo I enviarase ao correo electrónico do centro coordinador da Rede galega de acollemento **rga.igualdade@xunta.gal**



DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Xunto coa solicitude (Anexo I) deberá achegarse a seguinte **documentación**:

- ✓ DNI, NIE ou pasaporte da muller solicitante.
- ✓ DNI, NIE, pasaporte, libro de familia ou calquera outra documentación acreditativa da identidade das/dos menores ao seu cargo, no seu caso.
- ✓ Anexo II, informe da entidade derivante, debidamente cuberto.
- ✓ Cando a derivación sexa efectuada polas Forzas e Corps de Seguridade do Estado radicados en Galicia e/ou Policía Autonómica e Local ou por algún órgano xudicial, este documento poderá substituírse por unha copia da denuncia.
- ✓ Anexo III, informe médico sobre as condicións de saúde da muller solicitante e das/dos menores ao seu cargo, no seu caso. No caso de trastornos psicopatolóxicos, ademais deberá achegarse un informe psiquiátrico onde consten o diagnóstico, o tratamento actual e a adherencia terapéutica.

Prazo de tramitación

As solicitudes de acceso resolveranse no prazo máis breve posible, e, preferiblemente, dentro das **8 horas** seguintes á recepción da solicitude e da documentación complementaria, debidamente cubertas.

Resolución

O centro coordinador da Rede galega de acollemento comunicarlle telefonicamente á entidade derivante os datos do centro de acollida necesarios para efectuar o traslado e encargarse de xestionar e coordinar o devandito traslado.

En caso de denegación da solicitude, o centro de acollida deberá comunicar as causas ao centro coordinador da Rede galega de acollemento de acordo cos formularios establecidos para tal efecto recollidos neste protocolo (Anexo IV).

Desistencia da solicitude

Unha vez iniciado o procedemento de acceso á Rede galega de acollemento, a solicitante poderá, en calquera momento, poñerlle fin; para o efecto, deberá cubrir o **formulario de desistencia (Anexo V)** que se xunta a este protocolo.

A entidade derivante deberá comunicarlle a desistencia de xeito inmediato ao centro coordinador da Rede galega de acollemento e enviarlle por correo electrónico o formulario asinado.

Revogación do acollemento

Se durante o período no que a solicitante e/ou as/os menores ao seu cargo permanecesen no centro de acollida se desvelasen datos que non se comunicaran no Informe da entidade derivante (Anexo II) e/ou no informe médico sobre as condicións de saúde (Anexo III), ou se se constatase que os datos facilitados na declaración responsable das condicións de saúde (Anexo I) fosen inexactos, e isto puidese interferir de maneira negativa no tratamento de recuperación integral e de superación dos efectos da violencia de xénero prestado á usuaria, ou ás demais persoas usuarias co centro, podería dar lugar, de xeito motivado, á **revogación do acceso** ao centro de acollida.

Neste caso, a entidade derivante, en colaboración co centro coordinador da Rede galega de acollemento, buscaría un novo centro de acollida ou outro recurso asistencial, axeitado ás circunstancias do caso concreto.

Seguimento do protocolo

As entidades titulares dun centro de acollida pertencente á Rede galega de acollemento designarán unha persoa para integrar o **grupo de seguimento** deste protocolo, que será coordinado pola persoa que designe o órgano superior da Xunta de Galicia con competencias en materia de prevención e loita contra a violencia de xénero.